CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Ana María Cacharrón Castelos, secretaria do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, pola alcaldía presidencia, por Resolución nº 1242/2026, do 17-11-2026 , adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

«Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

AUDIENCIA ÁS PERSOAS INTERESADAS NO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO DE TÉCNICO DE CULTURA E DEPORTES DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA (FUNCIONARIO DE CARREIRA). CONVOCATORIA ESPECÍFICA 2/2024

EXPEDIENTE: 2026/E001/000013

Logo de ver o recurso potestativo de reposición interposto o 29.10.2026 con num. de rexistro de entrada 202690000000896, por Jesús Rodríguez Domínguez, contra a Resolución núm. 543/2026, do 18 de maio de 2026, pola que se aproban as bases específicas reguladoras do proceso de provisión en propiedade con funcionario de carreira dunha praza de Técnico de Cultura e Deportes, da escala de Administración Especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2, a través do cal solicita que se declare non axustada a dereito a base 4ª no relativo ás titulacións admitidas para o acceso á praza, admitindo so titulacións ou cualificacións profesionais legalmente habilitantes e axeitadas ás funcións técnicas deportivas atribuídas á praza.

Logo de ver o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En base ao disposto no artigo 118. Audiencia dos interesados da Lei 39/2015, do 1 de outubro; no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro. Dar un prazo de 10 días hábiles ás persoas interesadas, a contar dende o día seguinte á publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Bergondo, para que formulen as alegacións que estimen procedentes.

Segundo. En aplicación do artigo 32 da Lei 39/2015, ampliar no prazo de 15 días o prazo para a aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos previsto na Base 4ª.1 das bases xerais reguladoras do proceso selectivo.

Terceiro. Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Bergondo.

En Bergondo, martes 17 de novembro de 2026. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos.»

E para que conste, para os efectos que corresponden, asino a presente certificación, por orde e co visto e prace da alcaldesa, en Bergondo, o martes 17 de novembro de 2026.

Vº.e Pr.

A alcaldesa	**A secretaria xeral**
Alejandra Pérez Máquez	Ana María Cacharrón Castelos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: c046nDK/6NxiMTPAXk4y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.bergondo.gal/